

A Plataforma Galega para a Defensa das Enxeñarías Informáticas nace co obxectivo de aglutinar os diferentes colectivos que a nivel galego traballan na defensa das titulacións en Informática, concretándose isto na consecución da **regulación, tanto no ámbito académico coma profesional**, das titulacións de Enxeñaría en Informática.

Ademais, outras función da Plataforma son:

- Servir de punto centralizado de información relacionada coas titulacións.
- Mellorar a consideración social das Enxeñarías en Informática.
- Coordinar as accións reivindicativas necesarias de cara ao obxectivo da Plataforma.

Sabedores da creación desta Plataforma, a Facultade de Informática da Universidade da Coruña, na súa reunión ordinaria en Xunta de Facultade o día 2 de abril de 2009, ACORDA:

- **Apoiar a creación** da Plataforma Galega para a Defensa das Enxeñarías Informáticas (PGDEI) **e as súas accións reivindicativas.**

A Coruña, 2 de abril de 2009